

O ABOGADO SANTIAGO NOGUEIRA PUBLICA UNHA CRÓNICA PERSOAL DO SÉCULO XX



- **A obra leva por título SANTIAGO A TRAVÉS DE MIS GAFAS, está editada por Alvarellos e conta cun limiar do catedrático de Grego Juan J. Moralejo**
- **O autor percorre a sociedade compostelá dende os tempos da república ata a actualidade**
- **O libro sae estes días á venda e presentarase na sede da Fundación Caixa Galicia de Santiago o xoves 26**

Unha pluma fluída e unha memoria puntual e rica, preñada de anécdotas e datos, converten esta crónica de Santiago Nogueira nunha obra coral, un retrato magnífico do seu tempo, e un valioso testemuño sobre os avatares do século XX en Compostela.

Polas páxinas de SANTIAGO A TRAVÉS DE MIS GAFAS desfilan personaxes e acontecementos que moitos composteláns e galegos terán na memoria. O avogado Nogueira viaxa ata os tempos da república e a posterior traxedia da guerra civil; retrata máis adiante a vida universitaria nos anos 40 e 50, os seus anos de docente na Universidade, a súa afección polo fútbol ou pola música popular, ou a súa participación



en política como director xeneral de Juventud no segundo goberno de Adolfo Suárez (primeiro da democracia), no ministerio de Pío Cabanillas.

A paixón pola avogacía preside cada páxina desta obra. Nun dos seus capítulos, Santiago Nogueira describe algún dos casos máis singulares da súa traxectoria profesional, entre eles, o *affaire* Barreiro, sobre o procesamiento do que fora conselleiro de Presidencia José Luís Barreiro Rivas. O libro inclúe, asimesmo, unha selección de fotografías que resumen a vida, en imaxes, do autor.

O catedrático de Grego Juan José Moralejo Álvarez afirma no Limiar que Nogueira “nos invita a recordar Santiago, donde nada le es ajeno, a través de sus gafas, y desde ya la invitación promete porque son muchos años de excelente memoria para experiencias notables en una sociedad y en un ambiente que puede no gustarnos en bastantes cosas, pero que en otras está bien asistida de humanidad y cordialidad”.

SANTIAGO NOGUEIRA ROMERO (Santiago de Compostela, 1928) é un dos letrados galegos máis brillantes. Especialista en Dereito Civil e Procesual, fundou en 1953 o “Gabinete Xurídico Santiago Nogueira Avogados”. Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela (1951), durante 25 anos foi profesor de Dereito Civil na Facultade de Dereito e chegou a presidir o Padroado da Universidade. Membro da Xunta de Goberno do Ilustre Colexio de Avogados da Coruña, Académico numerario e fundador da Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación, publicou diversos traballos sobre o Recurso de Casación. No primeiro goberno da democracia, foi director xeral de Juventud do Ministerio de Cultura que presidía Pío Cabanillas.

- Para contactar con Santiago Nogueira: 669 141 768

